

Editorial

Puntos de interés especial:

- Os nosos Clubs de Lectura.
- Centenario de Pardo Bazán
- Día do Libro
- Xela Arias: Día das Letras Galegas
- Artigo de opinión: Eutanasia.
- O recuncho do creador.

Hai acontecementos, datas, instantes que marcan a nosa vida. Son como estacións dun camiño onde deternos e reflexionar sobre o antes e o despois. Nada semella igual e, como ás árbores, debúxasenos un anel de experiencia no corpo e na alma.


O ano 2020 gravounos con lume o seu paso devastador. Algúns quixeron ignoralo, retar ao inimigo cunha actitude egoísta que nos arrastraba a todos; outros calaban cando a dor mordía por dentro: fillos que non lles puideron dar a man aos seus pais na derradeira despedida, persoal sanitario que aturaba cansazo, pregando unha tregua...

Os que optamos por resistir e non causar tumulto, atopamos que a vida sempre é flexible, coma un xunco. Cando pecha un cauce, abre outro e alí a onde vai...agroma.

Atopamos tempo para coñecernos, para mergullarnos no silencio dos libros, para pensar con que pouco podemos existir. Reivindicamos, no Día do Libro 2020 un cambio de vida, a oportunidade de salvar o mellor que hai no home pero, unha vez máis, volvemos a fallarnos a nós mesmos. Seguimos a pensar que a vida se mide e se pesa como un montón de diñeiro

Mentres non entendamos que

vivir é sentir a natureza como unha segunda pel, que a árbore e o paxaro respiran connosco, que dar a man ao outro é un ben en si, sen outra moeda de troque que a ledicia compartida, o virus vencerá e existirá un antes e un despois, pero será como esas plantas agonizantes e murchas no camiño que nos falan do noso pobre espírito. Para aqueles que aman a vida e os libros van estas páxinas.



Contido

Os nosos Clubs de Lectura	1
Centenario de Pardo Bazán	2
Día do Libro	2
Xela Arias: Día das Letras Galegas	2
A opinión dos nosos alumnos: a eutanasia	3
O recuncho do creador	3
Creacións dos nosos alumnos	4

Os nosos Clubs de lectura

Os alumnos de 2º de ESO desfrutaron, neste segundo trimestre, da obra **El secreto del fuego** de Henning Mankell. Froito desta conmovedora lectura xurdiron as seguintes opinións:

“Foi unha historia de superación para este ano tan especial. **Lucas Eiroa. (2º ESO A)**

-O Club de lectura fomenta a gana de ler, con diferentes tipos de libros únicos e preciosos. **Martina Estévez (2º ESO A)**

- **Pablo Barro. (2º ESO A):** O Club de lectura é unha actividade fantástica para desconectar dos estudos lendo libros magníficos coma este.

-. Esta historia de Mankell doeume tanto que chegou ao meu corazón, pero o final é fermoso. **Iago Romero. (2º ESO A)**

En 3º de ESO, **Iria Hidalgo Novoa** opina que esta actividade é xenial porque podes descubrir libros e xéneros novos e aprender sobre a Historia.

Centenario dunha muller pioneira: Emilia Pardo Bazán



Emilia Pardo Bazán finou en Madrid o 12 de maio de 1921. Representa como na alta nobreza española se podían atopar exemplos de ideas avanzadas e espírito emprendedor.

O lema de doña Emilia era “De bellun luce”, a luz na batalla. Con esta frase defendía o dereito á súa liberdade nunha sociedade atrasada. O seu pai contribuíu a que xurdira na mente da escritora galega a rebeldía contra as normas sociais que reservaban para a

muller un papel secundario.

Así mesmo, accede á biblioteca de seu pai e con ela a un mundo novo de lecturas que non lían outras mulleres.

Cando o seu pai abandona a política, viaxa por Europa e aprende inglés e alemán.

Entra en contacto co escritor Emile Zola e a súa técnica naturalista. Emilia Pardo Bazán aplicará o Naturalismo na novela **La tribuna**. Esta é a primeira novela española que reflicte o mundo obreiro. Foi

duramente criticada por ser unha muller que se atreve a defender esta corrente.

Afirma: “Creo que todos los derechos que tiene el hombre debe tenerlos la mujer” “La educación actual de la mujer no es tal educación, es doma pues se propone como fin la obediencia..

Sensible ante o maltrato das mulleres, publica contos sobre este tema como **El indulto**.

Foi a primeira muller en falar en público na Sorbona.

Día do libro

*Día 23 de abril
Un libro, un
amigo.
Un mundo de
amigos.*

O Día do Libro quixemos que o noso alumnado participase na conmemoración da literatura a través das súas achegas persoais.

Pensamos nunha rede na que capturar palabras, poemas, textos en prosa, especialmente significativos para cada un deles.

Este ano, a pandemia impediunos festexar esta data

cunha exposición de libros xa que era preciso evitar as aglomeracións. A pesar disto, conseguimos que a escritora Ana Alcolea entrase nas aulas de 3º de ESO grazas á tecnoloxía. A charla foi un achegamento á novela **La noche más oscura**.

Os alumnos participaron na charla facéndolle preguntas á escritora sobre a obra lida. Non descartamos novos encontros en streaming



Literatura na rede

Xela Arias. Día das Letras Galegas



Queremos render homenaxe a esta pioneira da palabra poética que se afastou das modas e quixo dar a coñecer a súa voz persoal. Recollemos aquí un dos seus poemas:

Acompañame

Son dun tempo

*De espectáculos, lanternas e
acebeches comigo.*

*Tamén sei dunha violencia de
silencio/en serpe oculta de
maligno/que maldigo.*

*Na raia da evidencia-tan ás
claras-/ eu tributo, distraída
dos pans,/ cada pedazo entre
o noxo das brasas, /no
molestar do cotián ese/
odioso canibal dos meus ollos.*

*Porque/ Sei de sereas
verdadeiras tamén cantando*

*venenos,/e máis das
inmensas prosas do
descanso./Pero é que as
miñas zonas/ Tamén son
rostros conxestionados polo
traballo./ Maldigo o precio da
vida que arrastran, / e fusilo
de min a disciplina da
ordenanza.*

Da obra **Tigres coma cabalos**
(1990)

A opinión dos nosos alumnos: A eutanasia

A eutanasia é un procedemento que acelera a morte dun enfermo incurable para evitar o seu sufrimento. Dende o meu punto de vista é un avance.

A primeira razón pola que a xente rexeita esta práctica é porque consideran a vida algo sagrado e a morte como algo que debe ocorrer de xeito natural. Pero, non é acaso mellor ter unha oportunidade de non sufrir no límite desa vida que penar ata o punto de non poder valerse por si mesmo?

A eutanasia daría, a moitas persoas con enfermidades, non necesariamente terminais, como o alzheimer, a opción de morrer cunha derradeira lembranza feliz e nítida deles, facendo da súa vida un peche digno.

Outro aspecto é tamén o punto de vista externo de alguén que non sofre a enfermidade ou causa de deterioro pero que pode ver como esa persoa pouco a pouco perde ese brillo e lentamente se vai consumindo. A eutanasia evitaríalles ver ese lento sufrimento.

En conclusión, eu creo que debería ser legal para todo aquel que, co apoio dun profesional, necesitara tomar esta decisión.

Tamén existe a posibilidade de deixar por escrito que se nalgún momento da súa vida non pode valerse por si mesmo, alguén lle preste axuda nesa despedida final.

Inés Jaspe Rodríguez. (2º ESO A)



O recuncho do creador

Nesta sección do noso xornal queremos dar a coñecer o labor dos xóvenes creadores. Ás veces pasan desapercibidos, mesturados cos demais. Son alumnos sensibles, cunha percepción especial da realidade, dotados de talento para crear coas palabras.

Desexamos que neste espazo os nosos alumnos atopen ese lugar onde ser escoitados.

Quen sabe? Quizáis algún día cheguen a ser homes e mulleres recoñecidos como literatos. Só temos que alentalos a seguir o seu camiño, a ser fieis á súa voz.



*No digáis que
agotado su tesoro,
de asuntos falta,
enmudeció la lira;
podrá no haber
poetas; pero siempre
habrá poesía.*

G.A. Bécquer.

Vivir do amor

Sorrisos doces e verdadeiros

En días solleiros e anubrados,

Dos campos de mil cores

Agarimos de primavera.

*Cóxegas salgadas polas
pingas,*

*Azuladas, verdosas, que máis
ten.*

*Soterrado na ledicia e
felicidade,*

*Verán de castelos, que non
remate.*

Regalía da natureza,

Regalía dos amigos,

Regalía de familia...

Vivir polo amor, amor polo vivir

Lucas Eiroa Osoro. 2º ESO A



La felicidad

La felicidad no es todo

Me lo dijo una paloma

Encerrada en una jaula de oro.

Ahora vuelo libre y entre fantasmas.

Antes de perderte prefiero seguir sin nada.

Antes de amar prefiero descansar el alma.

Ahora vuelo libre, pero me he quemado.

Me siento como Ícaro en el mar ahogado

*Y el alma solo escucha el grito de un padre
desolado.*

Martín Moreno

2º ESO B

La lluvia por Eva López Martínez. 2º ESO C

La inocencia era una de mis características principales. Rara vez salía de fiesta hasta media noche, pero en los días especiales como era aquel, mis padres retrasaban la hora límite de vuelta casa. Estaba esperando el autobús. Era una noche lluviosa y me resguardaba en la parada. No había mucha gente por la calle a esa hora, yo había bebido y me costaba mantenerme en pie.

Él se acercó, no recuerdo su rostro con nitidez. Se paró a mi lado. No tengo conocimiento de su edad, aunque no era un joven; se le veía bien entrado en los cuarenta.

Me empujó bruscamente y agarró mis muñecas asegurándose de que no

podría moverme; grité y lloré, pero la lluvia tapó mis gritos y encubrió sus crímenes. Me retorcí, pero no pude impedir que hiciera lo que hizo. Supliqué, pero nada pudo si quiera hacerle replantearse sus actos.

No sé qué pasó después. El amanecer parecía tardar milenios en llegar. Cuando se cansó de mí, me dejó en el suelo con el alma rota y los ojos vidriosos. Rompí a llorar.

Cuando pude levantarme salí corriendo a mi casa. Me encerré en mi cuarto a mirar los centenares de gotas de agua estrellarse contra mi ventana y romperse en mil pedazos como hizo mi mundo de magia y perfección la noche anterior.

